

# ARTE BIZANTINO

## I.- CONTEXTO HISTÓRICO.

O Imperio Bizantino xorde coa división do Imperio Romano realizada por Teodosio o ano 395 entre os seus fillos Honorio (Occidente, con capital en Rávena) e Arcadio (Oriente).

A capital do Imperio Romano de Oriente (que logo se coñecerá como Bizantino) sitúase en Constantinopla, cidade fundada por Constantino o ano 330, construída sobre a antiga Bizancio. Foi a súa unha historia precaria, dominada por unha serie case ininterrompida de guerras, pasando por momentos de apoxeo e outros de profundas crises. O momento de máximo esplendor corresponde á denominada Primeira Idade de Ouro, entre os séculos V e VII e particularmente durante o reinado de Xustiniano no século VI. A etapa remata coa revolta iconoclasta, onde as imaxes serán prohibidas e a arte entra en decadencia. A Segunda Idade de Ouro, séculos IX a XII, vive a expansión cara a Rusia e ó nordeste, e a Terceira Idade de Ouro será o derradeiro renacer de Bizancio.

Constantinopla acadou un desenvolvemento artístico e económico considerable. A súa ubicación entre Oriente e Occidente e a súa proximidade a Asia determinou que pronto adquirise trazos diferenciais do mundo occidental e concretamente de Roma. Nun principio e por influencia grega semellaba unha cidade helenística pero logo asimilará fondamente trazos orientalizantes. Polo tanto, a cultura bizantina foi a resultante das influencias helénicas, orientais e cristiás sobre a base da cultura romana imperial.

A orde política fundamentouse no cesaropapismo que supoñía a unión do poder político e relixioso de xeito que o Emperador o era por graza de Deus, era o seu representante na terra, o basileus. Exercía unha autocracia tanto na orde temporal como no espiritual, a súa vontade era a lei suprema e a súa autoridade non tiña límites.

Mentres que o Imperio de Occidente desde o século V vai desintegrándose e entrando nunha etapa de decadencia cultural, o de Oriente, pola contra, ao resistir o asalto dos pobos bárbaros, conservou intactos os seus grandes centros de cultura. Bizancio subsistirá ata a súa caída en mans dos otománs no 1453.

A arte bizantina é cortesá e palaciega, fiel reflexo da concepción política e relixiosa. A corte imperial, de gran brillo e esplendor, era o centro das artes. Era o único cliente dos traballos artísticos importantes, pois mesmo, os encargos para a igrexa procedían dela. Era unha arte ao servizo do emperador: o obxectivo artístico era expresar a súa autoridade absoluta, a súa grandeza sobrehumana, o seu prestixio. É polo tanto unha arte disciplinada e conservadora, sometida a regras, tende á uniformidade e aos convencionalismos.

## II.- ARQUITECTURA.

### 1.- Características xerais:

O absolutismo e autocracia do emperador orixinou unha arquitectura grandiosa, reflexo do poder e da riqueza imperial. A arquitectura bizantina mantén a grandeza romana á que suma a elegancia de elementos gregos e a suntuosidade oriental.

No ámbito arquitectónico os bizantinos fixeron achegas de gran importancia. Na arquitectura bizantina, a pesar de comprender un período de case dez séculos, existen unhas certas características xerais; aínda que con algún trazo peculiar e distintivo segundo as épocas.

Houbo unha arquitectura civil e relixiosa, aínda que nós centraremos o noso estudo nesta última.

### A IGLESIA BIZANTINA: A BASÍLICA.

A igrexa como edificio posúe un sentido simbólico:

- Interpreta a igrexa con cúpula como a imaxe do cosmos, do ceo e da terra. A cúpula sería o símbolo da bóveda celeste. A organización da basílica bizantina supón certas modificacións respecto a paleocristiá.

- Materiais: En xeral materiais pobres: ladrillo e cachotería.

- O sistema construtivo preferido é o abovedado: Xeneralizan o emprego do arco de medio punto sobre columnas, utilizadaa como elemento construtivo e decorativo.

- Moi característico o capitel de dous corpos:

    Inferior: decorado con motivos vexetais de formas estilizadas.

    Superior: denominado CIMACIO, ten forma de pirámide truncada investida e está decorado con temas bíblicos, simbólicos ou lisos.

- Tipos de bóvedas: canón, aresta e cúpula

-A cúpula sustentada sobre PECHINAS é a principal innovación na arquitectura: permite apoiala en catro puntos e non sobre un groso muro circular como facían os romanos. En ocasións, no canto de pechinas utilizaron TROMPAS.

-Tamén é orixinal o sistema para contrarrestar os empuxes da cúpula: usan outras cúpulas e bóvedas (exedras), así non necesitan aumentar o grosor das paredes como en Roma.

- Para diminuír o peso da cúpula utilizan materiais moi lixeiros na súa construción.

- Nova concepción do espazo interior: Conceden unha gran importancia aos espazos interiores que decoran luxosamente revestindo os muros principalmente con MOSAICOS. Contrasta coa austeridade decorativa dos exteriores.

- Fronte á concepción estática que do espazo tiñan os romanos, os bizantinos opoñen unha concepción dinámica, dilatada, un espazo que non pode quedar limitado polos muros.

- Na creación deste espazo desempeña un papel básico a decoración musivaria (de mosaico) que recubre totalmente os paramentos.

-Planta: Deuse gran variedade de plantas, pero a preferida foi a centralizada, de cruz grega ou poligonal. Iso está en consonancia coa gran importancia concedida á cúpula.

- Planta central con cúpula poligonal: Ex. : San Vital, Ravenna.

- Basilical con cúpula (simbiose da planta lonxitudinal e a central).

## SANTA SOFÍA DE CONSTANTINOPLA

**Obra 14** das seleccionadas como de especial atención pola Ciug. **VER ANEXO.**

### III.- ARTES FIGURATIVAS.

As artes figurativas bizantinas estaban ao servizo e intimamente vinculadas ao dogma e á liturxia. A súa función, non era só a de decorar a arquitectura e producir imaxes de devoción, senón, manifestar aos ollos dos homes os valores de orde superior e as verdades absolutas. O artista estaba controlado pola Igrexa e o Emperador, sendo a súa liberdade creadora moi limitada. As principais manifestacións foron os mosaicos e as iconas. A escultura tivo escaso desenvolvemento debido ás loitas iconoclastas.

### OS MOSAICOS.

A diferenza da arte romano que colocaba o mosaico nos pavimentos, a arte bizantino, no seu desexo de riqueza recubre os muros e bóvedas de mosaicos de gran colorido e exquisita finura, contribuíndo así a aumentar o luxo dos interiores e ao mesmo tempo contribuír á exaltación do poder de Deus, do Emperador e da Igrexa.

Toda a decoración mural dunha igrexa axústase a un esquema teolóxico que sitúa ás figuras nun ou outro lugar segundo o seu maior ou menor importancia. O Pantócrator vai sempre nas zonas máis elevadas e no centro das semicúpulas da ábsida, despois vén a virxe, santos... O emperador chega a ser tan reverenciado dentro do templo que moitas veces tende a confundirse coa figura de Cristo.

#### CARACTERÍSTICAS DOS MOSAICOS BIZANTINOS:

- Cores ricas e brillantes.
- Hieratismo das figuras, que presentan rostros inexpresivo (serios, con ollos grandes e moi abertos )
- Ausencia de comunicación, lei da frontalidade.
- Ausencia de volume, figuras planas.
- Ausencia de profundidade (as figuras sitúanse unhas á beira das outras e cando se superpoñen non crean sensación de profundidade )
- Ausencia de perspectiva; perspectiva xerárquica; colocación das figuras máis importantes no centro da composición.
- Falta de estudo anatómico ( as figuras sempre están vestidas e a través das roupas non se aprecia a anatomía).
- Ausencia de referencias espaciais.
- Ritmo procesional.

Os exemplos máis destacados son a decoración de mosaicos en San Vital de Rávena:

- No presbiterio: A Xerusalén Celeste , por medio do Cordeiro de Deus.
- Na bóveda da ábsida: No centro da composición, Cristo, sentado sobre a bóveda celeste. Á dereita, un anxo e un home, San Vital, coa coroa do seu martirio. Á esquerda de Cristo, outro anxo e outro home que leva a maqueta da Igrexa de San Vital. Ese home é o bispo Ecclesius, que mandou a construción da Igrexa.

- Nos muros laterais da ábsida están os mosaicos máis destacados da Historia da arte. No muro da esquerda, aparece o emperador Justiniano cunha comitiva de homes: e no muro da dereita, fronte ao de Justiniano, aparece Teodora ( esposa de Justiniano), cunha comitiva de homes e mulleres. Os dous mosaicos teñen forma rectangular e recollen as características propias dos mosaicos bizantinos. O emperador e a emperatriz, destacan ademais polas súas ricas vestimentas, as coroas (símbolo de poder), as xoias, o nimbo que rodea as súas cabezas (simboliza que a súa poder foille conferido por Deus, sendo os seus representantes na terra) e os obxectos que portan nas súas mans, que lles outorga un carácter sacro: Justiniano leva unha patena de ouro na que durante o sacrificio da misa colocábase o pan que se converterá no corpo de Cristo. Teodora leva un enorme cáliz de ouro para o viño que se converterá no sangue de Cristo.

Os homes que acompañan a Xustiniano son: representantes do Exército, a Administración e da Igrexa. O que quere representat é que Xustiniano domina as tres xerarquías.